

# PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

**CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ  
CAMBRE**

## ÍNDICE:

<b>1. Características do contorno</b>	
1.1. Historia	3
1.2. Situación	3
1.3. Institucións e servizos	4
<b>2. Características do centro</b>	
2.1. Datos xerais do centro	6
2.2. Instalacións	6
2.3. Unidades do centro e alumnado	8
2.4. Actividades lectivas	9
2.5. Profesorado	10
2.6. Persoal non docente	11
2.7. Servizos complementarios	12
2.8. Adscrición a centros de ESO (Ensino Secundario Obrigatorio)	12
<b>3. Sinais de identidade</b>	
3.1. Principios educativos do centro	12
3.2. Fins educativos do centro	13
<b>4. Obxectivos do centro</b>	
4.1. Ámbito pedagógico	14
4.2. Ámbito humano	14
4.3. Ámbito institucional	15
4.4. Ámbito administrativo	15
<b>5. Organización do centro</b>	
5.1. Órganos de goberno	16
5.2. Órganos de coordinación docente	16
5.3. Documentos de planificación	16
5.4. Dinamizacións e outras funcións docentes	17
5.6. Seccións bilingües	17
5.7. Proxecto ABALAR	17
5.8. Actividades complementarias	17
5.9. Actividades extraescolares	18
5.10. Colaboración familia-escola. ANPA	19
<b>6. Dilixencia</b>	19

## 1. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

### 1.1. HISTORIA

O Concello de Cambre forma parte da histórica comarca das Mariñas dos Freires, contigua á non menos histórica comarca das Mariñas dos Condes (Betanzos e bisbarra).

As primeiras pegadas de asentamentos na comarca teñen que ver coas rutas terrestres: os antigos camiños que serpentean polos suaves outeiros. Así o parecen testemuñar os importantes restos de cámaras megalíticas e unha interesante necrópole nos límites do concello.

Sen embargo, os vestixios más importantes e significativos da prehistoria circunscribense á *Idade do Ferro* coa existencia de varios castros; no Castro de Cambre, situado fronte á igrexa de Santa María, nos desmontes do terreo para a edificación deste colexio, quedaron ao descuberto numerosas moreas de pedra e terra que poden corresponderen ao primeiro recinto defensivo.

### 1.2. SITUACIÓN

O termo municipal de Cambre está situado ao Noroeste de Galicia, na provincia de A Coruña, a doce quilómetros na dirección sueste, da capital da provincia.

Está constituído por doce parroquias: Anceis, Andeiro, Brexo, Bribes, Cambre, Cecebre, Cela, Meixigo, Pravio, Sigrás, O Temple e Santa María de Vigo.

Forma parte da comarca de As Mariñas que se caracteriza por unha sucesión de áreas achanzadas con vales moi suaves. Pertence á zona costeira de influencia marítima, aínda que a única costa está na parroquia de O Temple.

A poboación actual é de 24.677 habitantes (maio 2017) agrupados en parroquias e núcleos de poboación más pequenos.

A superficie total do concello é de 41 quilómetros cadrados. O crecemento da poboación mantén unhas características positivas e bastante equilibradas. A densidade media varía segundo a parroquia. Cunha densidade media de 601 habitantes por quilómetro cadrado e unha media de idade de 42.3 anos. Gran parte da poboación desprázase á cidade da Coruña para as súas actividades laborais.

Gráfica de poboación por parroquias				
Parroquia	Nº Habitantes	Porcentaxe	Media idade	
Anceis	1.325	5,5	47.2	
Andeiro	306	1,2	45.6	
Brexo-Lema	932	3,9	44.3	
Bribes	816	3,5	46	
Cambre	6.997	29,3	38.6	
Cecebre	1.339	5.7	45.4	
Cela	504	2.1	39.0	
San Lorenzo	210	0,9	46.3	
Pravio	889	3,7	45.5	
Sigrás	1.521	6,3	46.4	
O Temple	9.149	36.7	37.1	
Santa María de Vigo	300	1,3	51.5	

A maior concentración de poboación dáse nas parroquias de Cambre e O Temple, englobando entre as dúas o 65% do total de habitantes do Concello. Hai que ter en conta que ambas constitúen zonas urbanas; as restantes teñen un marcado carácter rural que se acentúa nas parroquias con menor poboación.

A renda familiar dispoñible por habitante atópase nun nivel medio entre os Concellos de Galicia.

A pirámide de poboación é atípica, relativamente nova se temos en conta a tendencia cara ao envellecemento que posúen a maioría dos municipios galegos. O perfil corresponde a familias novas con fillos, procedentes na súa maioría doutros municipios da provincia que fixan a súa residencia en Cambre animados pola diferenza de prezo na vivenda respecto do municipio veciño da Coruña.

A taxa de natalidade tamén é elevada se a comparamos coa da provincia de A Coruña ou coa de Galicia; 12.1 por mil, fronte ó 7.2 de A Coruña ou 7.1 de Galicia.

As perspectivas para o futuro son dunha continuación de todos estes aspectos: os aumentos de poboación seguirán á alza con respecto aos dos últimos anos e o constante e progresivo asentamento de familias novas seguirá provocando un elevado grao de natalidade e un continuo rexuvencemento da poboación e, por conseguinte, un aumento constante da demanda de prazas nos colexios. Isto conleva unha aglomeración do alumnado nos centros escolares do Concello, especialmente naqueles das zonas urbanas, e a falta de prazas para cubrir todas as demandas educativas.

A todo isto hai que engadir o fenómeno cada vez máis importante da inmigración, que aínda non supón unha gran porcentaxe da poboación pero que xa se está a notar con cifras que tienden á alza.

### **1.3. INSTITUCIÓN E SERVIZOS**

O municipio conta con distintas sociedades e entidades encargadas de organizar actividades recreativas, culturais e deportivas:

- Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)
- Tres Bibliotecas municipais (Cambre, O Temple e A Barcala)
- Escola de Música e Banda "Sementeira"
- Escola de Música e Baile "As Mariñas"
- A Casa Museo de Wenceslao Fernández Flórez
- Museo Arqueolóxico
- Casa da Cultura

#### **Centros deportivos:**

- Pavillón polideportivo municipal de Cambre
- Pavillón polideportivo municipal dos Campóns
- Pavillón polideportivo municipal de Brexo-Lema
- Pavillón polideportivo municipal do Temple
- Catro campos de fútbol (Lendoiro, Brexo-Lema, Peirao, A Balastreira)
- Piscina Municipal do Temple
- Piscina Municipal Climatizada de A Barcala
- Piscina Municipal descuberta de Cambre "O Balado"
- Pista Polideportiva de Andeiro
- Pista Polideportiva de A Ría (O Temple)
- Pista Polideportiva de A Balastreira (Cecebre)

- Pista Polideportiva de Meixigo
- Pista Polideportiva de O Souto (Sigrás)
- Pista Polideportiva do Temple
- Pista Polideportiva de Santa María de Vigo
- Pista Polideportiva de Bribes
- Pista Polideportiva de A Rocha (Anceis)
- Pista Polideportiva de A Barcala (Cambre)
- Pista Polideportiva de Aián (Sigrás)
- Pista Polideportiva de Pravio
- Club Náutico de Cambre.
- Local de usos múltiples para actividades deportivas de interior(A Barcala)
- Local de usos múltiples para actividades de pesca e ambientais de O bosque (Cecebre)
- Local de usos múltiples (Praza Europa - Cambre)
- Campo de chave de Meixigo
- Campo de chave de A Coutelana
- Campo de chave de A Rocha
- Campo de chave do Temple

**Centros de ensino:**

- IES Alfonso X, o Sabio (A Barcala)
- IES David Buján (Sigrás)
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre)
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás)
- CEIP Emilio González López (Brexo-Lema)
- CEIP Portofaro (O Temple)
- CEIP Graxal (Graxal-O Temple)
- EEI Apeadeiro (Cecebre)
- EEI San Bartolomeu (Pravio)
- Gardería Infantil A Galiña Azul (A Barcala)
- Gardería Infantil A Fraga Encantada (Cambre)
- Gardería Infantil Trasnos (Cambre)
- Gardería Infantil Chiquitín (O Temple)
- Gardería Infantil Os Pequerrechos (O Temple)

**Outros servizos:**

- Servizos de asistencia social- Concello de Cambre
- Dous Centros de Saúde

## 2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CEIP Wenceslao Fernández Flórez é un colexio público no que se imparten as etapas de educación infantil e educación primaria, escolarizando a nenos e nenas de idades comprendidas entre os tres e os doce anos. Está situado na localidade de Cambre, capital do Concello. Ten adscritas na súa zona de influencia dúas Escolas de Educación Infantil: EEI Apeadeiro (Cecebre) e EEI San Bartolomeu (Pravio). O instituto ao que está adscrito é o IES Afonso X O Sabio (A Barcala).

A localidade conta con numerosos servizos que fan de Cambre un lugar atractivo para vivir, posúe espazos, prazas e parques onde os nenos e nenas poden atoparse para xogar.

A oferta cultural é variada e con importantes centros e eventos culturais como o Museo Arqueolóxico, as Bibliotecas do Concello, os Certames culturais do Concello ou a Casa Museo de Wenceslao Fernández Flórez. No ano 2013 inaugurouse a Casa da Cultura.

O nivel socio-económico, segundo os datos dos anuarios económicos que citamos anteriormente, sitúase na media de Galicia.

### **2.1. DATOS XERAIS DO CENTRO**

<b>DENOMINACIÓN</b>	CEIP Wenceslao Fernández Flórez
<b>ENDEREZO</b>	Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 16
<b>CÓDIGO POSTAL</b>	15660- CAMBRE
<b>CÓDIGO DO CENTRO</b>	15002165
<b>TELÉFONO</b>	881880320
<b>ENDEREZO CORREO ELECTRÓNICO</b>	ceip.wenceslao@edu.xunta.es
<b>ENSINO</b>	2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria
<b>HORARIO</b>	XORNADA LECTIVA: De 9:30 a 14:30 horas COMEDOR: De 14:30 a 15:30 horas ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: De 16:00 a 17:15 horas

### **2.2. INSTALACIÓNS:**

<b>EDIFICIO DE ADMINISTRACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Despachos: Dirección, Secretaría, Xefatura de Estudos</li> <li>- Sala de xuntas do profesorado</li> <li>- 1 baño</li> <li>- 1 espazo para o conserxe e persoal administrativo na entrada do edificio.</li> </ul>
-----------------------------------	---

<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>	<b>ANDAR BAIXO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Zona de comedor (comedor, cociña, despensa...)</li> <li>- 6 aulas de Educación Infantil</li> <li>- Baños para as aulas de Educación Infantil</li> <li>- 1 aula de informática</li> <li>- 1 titoría habilitada para AL</li> <li>- 1 titoría para Educación Infantil</li> <li>- 1 aula de Inglés</li> <li>- Aseos de nenos e de nenas</li> <li>- Aseos de profesores e de profesoras</li> <li>- Almacéns (de secretaría e de material diverso)</li> <li>- Almacén exterior anexo ao edificio de aulas.</li> <li>- Un cuarto para a maquinaria do ascensor.</li> </ul>
	<b>PRIMEIRO ANDAR</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 15 aulas de Educación Primaria</li> <li>- 2 titorías habilitadas para PT</li> <li>- 1 titoría habilitada para AL</li> <li>- 1 titoría de Educación Primaria</li> <li>- 1 titoría habilitada para inglés</li> <li>- 1 cuarto para vestiario de teatro e material diverso</li> <li>- 2 cuartos para material de limpeza</li> <li>- Aseos de nenos e aseos de nenas</li> <li>- Aseos de profesores e aseos de profesoras</li> </ul>
<b>EDIFICIO DE AULAS E BIBLIOTECA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- 3 Aulas de primaria</li> <li>- Biblioteca Escolar</li> <li>- 1 baño nenas</li> <li>- 1 baño nenos</li> <li>- Despacho orientación</li> <li>- 1 pequeño almacén</li> <li>- 1 pequeño cuarto para cadre eléctrico e RAC</li> </ul>
<b>EDIFICIO ANEXO</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aula de Música</li> <li>- Aula da ANPA</li> <li>- Salón de Actos e usos múltiples</li> <li>- 3 baños para alumnado de Educación Infantil.</li> <li>- 1 baño para profesorado</li> </ul>
<b>XIMNASIO</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tatami</li> <li>- Vestiarios</li> <li>- Aseos- duchas</li> <li>- Cuartos para material</li> </ul>
<b>POLIDEPORTIVO</b>		Edificio propiedade do Concello que ten reservado o seu uso para o Centro durante a xornada escolar incluíndo o horario das actividades extraescolares.
<b>PATIOS E PISTAS DEPORTIVAS</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- 2 pistas para deporte</li> <li>- Patio de Educación Infantil con elementos de xogo</li> <li>- Patio cuberto</li> <li>- Patio de alumnado de Educación Primaria</li> </ul>

As distintas dependencias do centro están a disposición de todo o alumnado e profesorado durante o período lectivo. Fóra deste, son utilizadas previa solicitude e correspondente autorización para diferentes actividades:

- **ANPA**: Utiliza as instalacións para as actividades extraescolares que ten programadas para o presente curso dentro do horario aprobado no proxecto de xornada continuada e, solicitando permiso á xefatura territorial desde o centro, outras actividades que oferta fóra deste horario. Tamén usa unha aula, instalada no Edificio do Salón de Actos, para as súas reunións.
- **CONCELLO**: Solicitando o permiso oportuno, utiliza as instalacións para as actividades que organiza para adultos e nenos/as. Ademais, o Departamento de Servizos Sociais imparte clases de apoio escolar e social a nenos e nenas do colexio en dúas aulas sitas no Edificio Principal do colexio.
- **COLEXIO**: Á súa vez, o centro fai uso do Polideportivo durante o período lectivo, construído en terreo dentro do recinto escolar.

### 2.3. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

O colexio conta con 6 unidades do 2º ciclo de educación infantil e 18 unidades de educación primaria (15 unidades de catálogo e 3 más habilitadas). Hai dous grupos de alumnos e alumnas por cada nivel de educación infantil e tres grupos de cada un dos niveis de educación primaria.

O alumnado procede da **área de influencia do centro**, que vén sendo a totalidade do casco urbano de **Cambre** e as parroquias de **Cela e Meixigo**, e a partir de 1º de educación primaria, incorpórarse o alumnado procedente das escolas unitarias adscritas. Ademais hai alumnado desprazado por non ter praza na zona educativa que lle corresponde ou ben por propia decisión das familias.

Nos últimos anos vaise incrementando a presenza de alumnado procedente do estranxeiro, que se vai adaptando sen dificultades salientables.

<b>DATOS NÚMERO DE ALUMNADO DESDE O CURSO 2012/13 AO CURSO 2017/18</b>			
<b>ANO ACADÉMICO</b>	<b>ALUMNADO E. INFANTIL</b>	<b>ALUMNADO E. PRIMARIA</b>	<b>TOTAL ALUMNADO</b>
2012/13	138	348	486
2013/14	132	350	482
2014/15	132	372	504
2015/16	126	373	499
2016/17	110	388	498
2017/18	109	377	486

NÚMERO DE UNIDADES E TOTAL ALUMNADO POR ETAPA NO CURSO 2017/18			
EDUCACIÓN INFANTIL		EDUCACIÓN PRIMARIA	
UNIDADES	NIVEL	UNIDADES	NIVEL
2	4º	3	1º
2	5º	3	2º
2	6º	3	3º
		3	4º
		3	5º
		3	6º
<b>TOTAL ALUMNADO E. INFANTIL 109</b>		<b>TOTAL ALUMNADO E. PRIMARIA 377</b>	
<b>TOTAL ALUMNADO CENTRO 486</b>			

## 2.4. ACTIVIDADES LECTIVAS

HORA	ACTIVIDADES LECTIVAS	ACTIVIDADES LECTIVAS/ COMEDOR/ EXTRAESCOLARES
09:20		Entrada ao recinto.
09:30		Entrada ás aulas. 1ª sesión.
10:20		2ª sesión.
11:10		3ª sesión.
12:00		Recreo.
12:30		Entrada ás aulas/ Hora de ler/ 4ª SESIÓN
13:40		5ª sesión.
14:15		Recollida nas aulas de EI do alumnado de comedor por persoal colaborador.
14:25		Saída casa alumnado EI/ Entrada ao comedor alumnado de E. Infantil
14:30		Saída alumnado EP casa/ Entrada ao comedor alumnado EP 1ª quenda.
14:35	COME DOR	Saída ao patio alumnado comedor EP 2º quenda.
15:00		Entrada comedor alumnado 2ª quenda./ Saída ao patio alumnado comedor 1ª quenda.
15:25		Apertura portas saída alumnado de comedor.
15:30		Saída comedor casa./Saída comedor bus./ Recreo comedor actividades extraescolares.
15:40	RECR COM	Peche portas.
15:55		Apertura portas entrada alumnado actividades extraescolares.
16:00		Entrada actividades extraescolares ANPA/ Biblioteca (Luns a xoves)
17:15	A.E.	Saída actividades extraescolares

O Centro ten xornada lectiva continuada de mañá, de 9:30 a 14:30 horas durante todo o curso.

Hai un recreo único para todo o centro de 12:00 a 12:30 horas, aínda que máis flexible para o alumnado de Educación Infantil. O profesorado de Educación Infantil vixía no seu propio patio, compartindo este tempo coas compañeiras e compañeiros de Educación Primaria segundo as rateos establecidas pola normativa vixente.

O servizo que se realiza é activo, procurando prestar atención a todo o alumnado e en especial ás relacións que se establezan entre eles e elas, para detectar calquera síntoma de acoso escolar.

Debido á estrutura do recinto escolar, hai varias zonas de vixilancia que están repartidas segundo o número de alumnos e alumnas que as utilizan; o número de mestres e mestras en cada patio está fixada pola Orde do 22 de Xullo de 1997 (DOG 02/09/97).

As zonas de recreo son as seguintes:

- **Patio de Educación Infantil:** Xogos, herba , baños,
- **Patio de Educación Primaria:** Entrada, patio cuberto, pistas, baloncesto e edificio de administración.

Despois do recreo establecése a sesión diaria de lectura, de 12:30 a 13:00 horas, sendo común para todo o alumnado de 12:30 a 12:50h.

Despois do tempo lectivo, hai un servizo de comedor, de 14:30 a 15:30 horas, para todo o alumnado que o solicitou no seu prazo e foi admitido.

As actividades extraescolares comezan ás 16:00 e rematan ás 17:15 horas. De luns a xoves impártense dentro do recinto escolar, baixo a responsabilidade da ANPA.

A Biblioteca Escolar permanece aberta de 16:00 a 17:15 horas (atendida por profesorado do colexio) para o alumnado de educación primaria que queira fazer uso dela como espazo de consulta ou lectura (non para préstamo).

A ANPA do centro oferta ademais outras actividades extraescolares fóra do horario do proxecto de xornada continuada aprobado que se desenvolven de 17:15 a 18:30 horas nas instalacións do centro e os venres na piscina municipal.

Os alumnos e alumnas de Educación Infantil de 3 anos incorpóranse progresivamente ao centro segundo o programado no Período de Adaptación tal e como sinala a Orde que aproba cada ano o calendario escolar para o curso académico.

## **2.5. PROFESORADO**

O cadro de postos de traballo do centro para atender ao funcionamento das 24 unidades de infantil e primaria é de 37 mestras e mestres, correspondendo ás seguintes especialidades:

- 8 Educación Infantil	- 1 Educación Musical
- 17 Educación Primaria	- 2 Pedagogía Terapéutica
- 3 Lingua Inglesa	- 1 Audición e Linguaxe
- 1 Lingua Francesa	- 1 Relixión
- 2 Educación Física	- 1 Orientación

Complétase este cadro con profesorado de relixión a tempo parcial que acude ao centro desde o seu centro base.

A adscrición do profesorado aos postos de traballo faise, segundo a normativa vixente no primeiro claustro de cada curso.

Será establecida pola Dirección a proposta da Xefatura de Estudos, que atenderá ás seguintes premisas:

- Dar preferencia ao profesorado formado para atender as aulas do Programa ABALAR e das Seccións Bilingües.
- Prestarlle a mellor atención posible ás necesidades do alumnado do centro.
- Aproveitar ao máximo o capital humano dispoñible.
- Consensuar a proposta facilitando o contraste de pareceres e a concorrencia de capacidades.

De non acadar o consenso, o Xefe de Estudos fará a súa proposta sobre os seguintes criterios:

- Respectar o posto de traballo e/ ou especialidade que cada Mestre ou mestra teña asignado pola súa adscrición ao centro.
- Respectar o dereito de cada grupo de alumnos e alumnas a manter, sempre que sexa posible, a mesma titora ou titor durante todo o ciclo.
- No suposto de que haxa varias mestras ou mestres aspirantes ao mesmo ciclo ou curso, a adscrición farase de acordo coa seguinte orde de prioridades:

- Maior antigüidade como propietario definitivo no centro.
- Maior antigüidade no corpo como funcionario de carreira.
- Menor número de rexistro persoal ou de orde de lista, se é o caso.

Os horarios do profesorado

- A proposta de horarios é elaborada polo xefe de estudos e aprobada polo claustro de profesorado a principio de cada curso.
- As horas lectivas, no caso de non completarse a totalidade, serán asignadas a apoios nas aulas nas que están escolarizados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, a labores de coordinación e traballo nos equipos de coordinación, BE, TIC...
- As horas de permanencia no centro serán designadas a gardas de biblioteca, titorías coas familias, reunións de coordinación docente en equipos, ciclos, niveis..., reunións de claustro, de consello escolar ou calquera das comisións derivadas del, xuntas de avaliación, grupos de traballo...

Os horarios concretaranse na primeira quincena do mes de setembro, elaborados polo Xefe de Estudos coa colaboración da CCP, e quedarán recollidos na Programación Xeral Anual.

O calendario de reunións do profesorado é o seguinte:

- **CONSELLO ESCOLAR E CLAUSTRO DE PROFESORES:** Unha reunión trimestral e todas aquelas que sexan precisas ao longo do curso.
- **EQUIPO DIRECTIVO:** Entre os membros do equipo haberá unha reunión semanal de coordinación.
- **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:** Unha reunión semanal. E unha reunión mensual coas coordinadoras de ciclo.
- **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:** Unha reunión mensual, 3º luns, de 17:15 a 18:15 horas.
- **EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:** 1º luns , de 17:15 a 18:15
- **EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:** 1º luns , de 17:15 a 18:15 horas.
- **EQUIPO DE BIBLIOTECA:** 1º luns , de 17:15 a 18:15 horas.
- **EQUIPOS CICLO E COORDINACIÓN:** 2º luns , de 17:15 a 18:15 horas.

Cada tutor/a terá, como mínimo, unha reunión ao principio do curso coas familias dos seus alumnos e alumnas. Ademais, convocaranse todas aquellas que consideren oportunas na procura de que estas reunións se convoquen de xeito coordinado como mínimo no mesmo nivel.

A hora de atención aos pais e nais por parte do profesorado, será os luns de 16:00 a 17:00 horas, previa petición da familia ou citación do profesorado tutor.

## **2.6. PERSOAL NON DOCENTE**

O colexio conta coa seguinte dotación de persoal non docente:

- Auxiliar administrativo
- Auxiliar de conversa
- Conserxe
- Auxiliar técnica educativa
- Cociñeiro
- Tres axudantes de cociña
- Dúas persoas de limpeza

## 2.7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta con servizos complementarios de transporte e comedor escolar.

### • TRANSPORTE:

As empresas encargadas do transporte son ASICASA (un itinerario) e ARRIVA (dous itinerarios). Este servizo funciona dúas veces ao día: trae aos nenos e nenas ao colexio pola mañá, antes das 9:30, e lévaos de volta á saída do comedor, ás 15:30 horas, non habendo servizo de transporte ao remate da xornada lectiva escolar.

O servizo de transporte escolar réxese polo Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG do 9 de xullo)

### • COMEDOR:

A organización e funcionamento do comedor regúllase polo Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG 13/08/13) polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, polas Ordes que se publiquen en desenvolvemento deste Decreto para regular o funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar e polas instrucións da Secretaría Xeral Técnica que se envían aos centros sobre organización e funcionamento do servizo.

O protocolo de funcionamiento do comedor escolar é un documento que forma parte do documento que recolle as normas de organización e funcionamento do centro, aprobado polo consello escolar. Nel recóllense os obxectivos do servizo así como a organización e funcionamento do mesmo.

A admisión no comedor escolar é un proceso administrativo que se leva a cabo no mes de maio para o alumnado xa matriculado no centro e no prazo de matrícula para o alumnado de nova incorporación. O consello escolar é o órgano con competencias no procedemento de admisión no comedor escolar.

O número de prazas autorizadas é de 350, correspondendo 333 a alumnado e 17 a persoal de cociña e de atención e coidado no comedor.

## 2.8. ADSCRICIÓN A CENTROS DE ESO (Ensino Secundario Obrigatorio)

O CEIP Wenceslao Fernández Flórez está adscrito ao IES Afonso X "O Sabio" situado na zona da urbanización A Barcala. O alumnado que remata a etapa da educación primaria ten preferencia para continuar a educación secundaria no IES Afonso X "O Sabio".

## 3. SINAIS DE IDENTIDADE

### 3.1. PRINCIPIOS EDUCATIVOS DO CENTRO:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A flexibilidade para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que se produzán na sociedade.
- A orientación educativa dos estudiantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- O esforzo compartido por alumnado, familias, mestras e mestres, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

### **3.2. FINS EDUCATIVOS DO CENTRO:**

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades e competencias do alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos, así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente.
- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

- A adquisición de competencias, hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A capacidade para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

## 4. OBXECTIVOS DO CENTRO

### 4.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Formar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- Transmitir ao alumnado o coñecemento e apreciación dos valores e as normas de convivencia, das leis e dereitos humanos fundamentais, proporcionando a súa experiencia no centro.
- Facilitar a adquisición e desenvolvemento de hábitos de estudio, técnicas de traballo e coñecementos nos eidos físico, cognitivo, afectivo e social.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Conseguir no alumnado unha competencia lingüística que lles permita utilizar por igual tanto a lingua galega como a castelá e así mesmo fomentar a competencia no inglés como lingua estranxeira.
- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe e parta dos seus intereses e necesidades.
- Formar ao alumnado no hábito da lectura integrando o uso da biblioteca na vida lectiva, escolar e extraescolar.
- Desenvolver nos alumnos e alumnas as seguintes competencias:
  1. Comunicación lingüística (**CCL**).
  2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCT**).
  3. Competencia dixital (**CD**).
  4. Aprender a aprender (**CAA**).
  5. Competencias sociais e cívicas (**CSC**).
  6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**SIEE**).
  7. Conciencia e expresións culturais (**CCEC**).

### 4.2. ÁMBITO HUMANO

- Desenvolver no alumnado actitudes e habilidades para a prevención e a resolución pacífica de conflitos, para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade, educando no respecto aos valores morais e cívicos.

- O fomento da educación para a igualdade e a coeducación que evite unha transmisión estereotipada de papeis entre os sexos, para evitar as actitudes de machismo no seo da comunidade educativa e a corrección dos comportamentos sexistas (regulado polos artigos 9º e 10º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, DOG 03/08/04)).
- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa, desenvolvendo actitudes contrarias á violencia e erradicando prexuízos de calquera tipo e estereotipos sexistas.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e linguas, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Promover hábitos relacionados coa saúde, actitudes de respecto e defensa do medio ambiente, educando nun consumo responsable.
- Impulsar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- Propiciar a adquisición de hábitos de estudio, orde e traballo.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Proporcionar a todo o alumnado a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Favorecer a socialización do alumnado axudándolle a desenvolver destrezas para a súa integración.

#### **4.3. ÁMBITO INSTITUCIONAL**

- Implicar ás familias do alumnado no proceso educativo fomentando a súa participación no proceso educativo e nas actividades do centro.
- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Establecer contactos e coordinar actuacións co IES e coas EEI adscritas.
- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, colaborando co centro de formación do profesorado.
- Cooperar co Concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- Dinamizar, fomentar e facilitar a participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.

#### **4.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO**

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación ágil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares...

## 5. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### 5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

- COLEXIADOS: Consello escolar e Claustro de profesores
- UNIPERSOAIS: Director/a, Secretario/a, Xefe/a de estudos.

### 5.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- EQUIPOS DE COORDINACIÓN:
  - 2º ciclo de Educación Infantil
  - 1º e 2º niveis de Educación Primaria
  - 3º e 4º niveis de Educación Primaria
  - 5º e 6º niveis de Educación Primaria
- EQUIPOS DE TRABALLO:
  - Equipo de Biblioteca
  - Equipo de TIC
  - Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
  - Equipo de Dinamización da Lingua Galega

### 5.3. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

O centro organizará a súa actividade para desenvolver os principios e fins educativos e acadar os obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos que os desenvolverán serán:

- O PROXECTO CURRICULAR- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS. Incluirá os seguintes apartados:
  - As programacións didácticas de cada nivel, que englobarán as competencias clave, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e estratexias metodolóxicas e de atención á diversidade.
  - Os criterios de avaliación e de promoción do alumnado.
  - O período de adaptación á escola.
  - O plan e medidas de atención á diversidade.
- O PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.
- O PLAN LECTOR DE CENTRO.
- AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO (NOFC)

- O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- O PLAN DE CONVIVENCIA
- O PLAN DE ORIENTACIÓN ESCOLAR
- O PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR
- A PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL (PXA). Neste documento concrétese o funcionamento do centro para cada ano académico. É aprobado pola dirección do centro e avaliado polo consello escolar no mes de outubro de cada curso.
- A MEMORIA ANUAL. Documento no que se avalia o traballo desenvolvido ao longo do curso, de acordo cos obxectivos plasmados na PXA. Apróbao a dirección do centro e avalia o consello escolar ao remate de cada curso.

Ademais o centro poderá establecer dentro da Programación Xeral Anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de innovación e mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica educativa.

#### 5.4. DINAMIZACIÓN E OUTRAS FUNCIÓN DOCENTES

Atendendo ás necesidades do alumnado, o Equipo Directivo, oido o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Reforzo educativo.
- Atención á diversidade.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.
- Apoyo á educación infantil.
- Apoyo á xestión do centro.
- Outras...

O Equipo Directivo, oido o Claustro, designará aos dinamizadores ou dinamizadoras específicas que se establezan na Programación Xeral Anual, así como ao profesorado colaborador con horario lectivo dispoñible. Estableceranse as seguintes dinamizacions:

- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Biblioteca.
- Convivencia escolar.
- Normalización lingüística.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Outras actividades análogas que se podan establecer na PXA.

#### 5.5. SECCIÓN BILINGÜES

O centro conta desde o curso 2011-12 con varias seccións bilingües. Nelas impártese unha materia (Plástica ou Matemáticas) nas dúas linguas: castelá e inglesa naqueles grupos de educación primaria para os que están autorizadas as sección bilingües.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nomea unha persoa auxiliar de conversa para o centro, para completar a formación na primeira lingua estranxeira do alumnado adscrito ás seccións bilingües.

## **5.6. PROXECTO ABALAR**

O centro conta con dotación de equipos Abalar nos seis grupos de 5º e 6º de educación primaria. As aulas adscritas a este programa disponen de recursos TIC para o profesorado e para cada alumno/a para o desenvolvemento das programacións didácticas, así como a posibilidade de uso dos contidos dixitais a disposición no sitio Abalar e a posibilidade de creación de contidos dixitais propios.

## **5.7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Son actividades integradas na actividade lectiva normal e que se realizan con finalidade eminentemente pedagógica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado. Realízanse dentro do horario lectivo estando integradas nas programacións.

- Celebración do Magosto/ Samaín/ Outono
- Día da Constitución
- Día da Paz
- Celebración do Entroido
- Celebración do Día do Libro
- Semana das Letras Galegas
- Medio Ambiente
- Aquelas celebracións estipuladas na Orde que aproba cada ano o calendario escolar e que se programan a nivel de aula.
- Proxecto documental anual promovido pola Biblioteca do centro.
- Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis, aprobadas polo consello escolar e incluídas na PXA.

## **5.8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

O centro, a través da ANPA e do profesorado oferta, unha vez rematado o horario lectivo, unha serie de actividades lúdicas, deportivas e culturais. A oferta de actividades realizarase cada curso e figurará na Programación Xeral Anual. A ANPA responsabilízase da organización e funcionamento das mesmas.

O financiamento destas actividades corre a cargo das familias, contando con axudas do Concello a través da ANPA "Fendetestas"

Dentro destas actividades está a de Biblioteca, atendida por profesorado do centro, que se desenvolve de luns a xoves en horario de 16:00h a 17:15h para o alumnado de educación primaria.

## 5.9. COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS

As familias poden e deben colaborar coa escola no proceso de ensino aprendizaxe. Os pais e nais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos e fillas , teñen a obriga de colaborar co profesorado na procura conjunta dunha mellor calidade da educación:

- Acudindo ás reunións xerais e individuais ás que sexan convocados desde o centro.
- Apoiando e motivando aos seus fillos e fillas no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Apoiando e respectando a labor do profesorado.
- Aportando toda a información que afecte ao proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Participando como candidatos/as e como votantes nos procedementos de elección de membros de órganos colexiados (consello escolar, ANPA).
- Aportando ideas e suxestións para a mellora da calidade educativa.
- Participando nas avaliacións externas e internas nas que se solicite a súa valoración dos aspectos educativos que lles afectan.
- Participando nas actividades do centro que impliquen a toda a comunidade educativa.
- Colaborando para contribuír ao funcionamento dos servizos complementarios (comedor escolar).

No centro está constituída a Asociación de nais e pais "Fendetestas".

A Asociación organiza as actividades extraescolares que se imparten no horario de xornada continuada aprobado e daquelas que a ANPA realiza fóra deste horario. Todas elas teñen carácter voluntario para o alumnado.

Ademais colabora en festas e actos que organiza o centro e organiza actividades en distintos momentos do curso como Nadal, Fin de curso...

A ANPA conta cunha representante no Consello Escolar do centro.

### DILIXENCIA:

Aprobado pola dirección do centro e avaliado polo Consello Escolar, pónse a disposición da comunidade educativa, quedando o orixinal na secretaría asinado pola secretaria co visto e prace da directora.

En Cambre, a 16 de Outubro de 2017.

Vº e Pr. A DIRECTORA:

Asdo.: Ana Mª Rial Rial

A SECRETARIA:

Asdo.: Marta Mª Costa Rodríguez